



Concello de
OURENSE

21/22.- ACTA ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12 DE MAIO DE 2022

Na cidade de Ourense, o doce de maio de 2022, sendo as oito horas e trinta minutos (08h:30', reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria en primeira convocatoria, na Casa do Concello, cos seguintes asistentes: Excmo. Sr Alcalde-Presidente: **D. Gonzalo Pérez Jácome**. Srs/as. Concelleiros/as: **D. Antonio Fernández Martín, don Jorge Pumar Tesouro e don Armando Ojea Bouzo**, que actúa como Concelleiro-Secretario da Xunta, -non asistindo dona Flora Moure Iglesias e dona Ana María Fernández Morenza- -asisten como invitados: A Oficial maior, dona Silvia Alonso Fernández; o Interventor municipal, don Gonzalo Alonso Álvarez, o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez e a letrada, dona Ana Blanco Nespereira-; ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

APROBACIÓN ACTA

1.- Aprobouse por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 06 de maio de 2022.

AVOGACÍA CONSISTORIAL

2.- Personamento do Concello en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado 61/2022 interposto por ALLIANZ SA contra a desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial. Expte 2022019629

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado 61/2022 interposto por ALLIANZ SA contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos por mor dunha rama dunha árbore ao caer no seu vehículo estacionado na Avda. Buenos aires, por importe de 508,79 euros. A data do xuízo é o 1/03/2023.

3.- Personamento do concello en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado 76/2022 interposto por Victor Manuel Mato Villanueva contra a desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial. Expte 2022019631

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:



Darse por informada de que o concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do xulgado do contencioso-administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado 76/2022 interposto por Victor Manuel Mato Villanueva contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos por mor dunha caída na rúa Progreso, 87-98, polo mal estado da calzada, por importe de 12.309,47 euros. A data do xuízo é o 15/02/2023.

4.- Dar conta da sentenza ditada polo Xulgado do contencioso administrativo nº 1 de Ourense, no procedemento ordinario 141/2020 promovido a instancia de D. José Gómez Quintas contra Decreto da Concelleira Delegada de Urbanismo 2020001527 de data 3/03/2020. Expte 2022019595

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

1º.- Coñecer e recorrer, por non ser favorable aos intereses do Concello, a sentenza 82/22 ditada polo Xulgado do contencioso administrativo nº 1 de Ourense no PO 141/2020, promovido a instancia de D. José Gómez Quintas, contra Decreto da Concelleira Delegada de Urbanismo 2020001527 de data 3/03/2020, polo que se declara a ruina inminente dos inmobles sitos en Anaigo de Abaixo número 9 e 23, e se acorda a súa demolición.

2º.- No caso de decidir recorrer a sentenza, se faculte a Avogacía consistorial para interpoñer o recurso de apelación diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

3º.- Darlle traslado da sentenza ao Servizo de Patrimonio para o seu coñecemento e efectos oportunos.

5.- Dar conta da sentenza ditada polo Xulgado do contencioso administrativo nº 1 de Ourense, no procedemento abreviado 233/2021 promovido a instancia de dona Pilar Moreira Martínez contra a desestimación presunta de reclamación indemnizatoria. Expte 20220195597

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

1º.- Coñecer e non recorrer, por non ser susceptible de recurso, a sentenza 89/22 ditada polo Xulgado do contencioso administrativo nº 1 de Ourense no PA 233/2021 promovido a instancia de dona Pilar Moreira Martínez, contra a desestimación presunta da reclamación indemnizatoria presentada contra o Concello de Ourense por unha caída acontecida o día 7/08/2020, á altura da baixada da Plaza de Abastos, por importe de 1.229,28 euros.

2º.- Darlle traslado da sentenza ao Servizo de Patrimonio para o seu coñecemento e efectos oportunos.

6.- Dar conta da sentenza ditada polo Xulgado do contencioso administrativo núm 1 de Ourense, no procedemento abreviado 170/2021 promovido a instancia de AXA SEGUROS Y REASEGUROS SA e dona Tamara Vázquez Expósito, contra a desestimación de reclamación indemnizatoria. Expte 2022019601

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta e, advirtindo e corrixindo neste acto o punto 1º) do acordo; de tal xeito que, onde dicía: "... por ser favorable ós intereses municipais...", debería dicir: "...por non ser susceptible de recurso..."; por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:





1º.- Coñecer e non recorrer, por non ser susceptible de recurso, a sentenza 81/22 ditada polo Xulgado do contencioso administrativo nº 1 de Ourense, no procedemento abreviado 170/2021 promovido a instancia de AXA SEGUROS Y REASEGUROS SA e dona Tamara Vázquez Expósito, contra Resolución de 22/04/2021 da Xunta de Goberno Local de Ourense desestimatoria da reclamación indemnizatoria polos danos causados ó vehículo propiedade da actora, polo mal funcionamento do sistema municipal de control de acceso de vehículos a zona peatonal do Casco Histórico de Ourense, por cuantía de 2.885, 03 euros.

2º.- Darlle traslado da sentenza ao Servizo de Patrimonio para o seu coñecemento e efectos oportunos.

7.- Personamento do Concello en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado 254/2021 interposto por Daniel Mendez Cuquejo, en materia de responsabilidade patrimonial. Expte 2022019628

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado 254/2021 interposto por Daniel Méndez Cuquejo, contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos ao caer da súa moto cando circulaba pola rúa Ponferrada, sentido cidade, e esbarar pola presenza de arenilla na calzada, por importe de 9.829,41 euros. A data do xuízo é o 07/06/2022.

8.- Personamento do Concello en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado 74/2022 interposto por Pablo López Vázquez contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial. Expte 2022019632

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado 74/2022 interposto por Pablo López Vázquez, contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos causados no seu vehículo por mor do guindastre municipal na rúa Valle Inclán, o 26/06/21, por importe de 305,14 euros. A data do xuízo é o 31/01/23.

9.- Dar conta da sentenza ditada polo Xulgado de Instrución núm. 3 de Ourense, no xuízo por delitos leves 1348/2019 promovido a instancia do Concello de Ourense e do Ministerio Fiscal, contra Marcos Sumavielle Rodríguez, Sara Ruiz García, Rodrigo Cruz Gómez. Expte 2022019579



A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

1º.- Coñecer e non recorrer, por non ser susceptible de recurso, a sentenza 147/22 ditada polo Xulgado de Instrución núm. 3 de Ourense, no xuízo por delitos leves 1348/2019, promovido a instancia do Concello de Ourense e do Ministerio Fiscal, contra Marcos Sumavielle Rodríguez, Sara Ruiz García, Rodrigo Cruz Gómez, por un delito leve de danos, contra bens de titularidade municipal (pintadas na fachada do edificio do PERI sito na rúa Primavera), por importe de 94,02 euros.

2º.- Darlle traslado da sentenza ao Servizo de Patrimonio para o seu coñecemento e efectos oportunos.

10.- Dar conta da sentenza ditada pola Sección segunda do TSX de Galicia no recurso de apelación 4216/2021 derivado do PO 240/2019 promovido polo Concello contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo n.º 2 de Ourense, nº 96/2021, de data 30/04/2021, en materia de responsabilidade patrimonial. Expte 2022019568

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

1º.- Coñecer e non recorrer a sentenza ditada pola Sección segunda do TSX de Galicia no recurso de apelación 4216/2021 derivado do PO 240/2019 promovido polo Concello contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo n.º 2 de Ourense, de data 30/04/2021, en materia de responsabilidade patrimonial polas filtracións producidas na C.P. GARAJES ÁLVAREZ DE SOTOMAYOR 11 Y 13 DE OURENSE.

2º.- No caso de decidir recorrer a sentenza, se faculte a Avogacía consistorial para interpoñer o recurso de casación diante do Tribunal Supremo.

3º.- Darlle traslado da sentenza ao Servizo de Patrimonio para o seu coñecemento e efectos oportunos.

11.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 44/2022, promovido por D. Manuel Eusebio Sánchez López. Expte. 2022011880

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

1º.- Coñecer e non recorrer a sentenza de 2 de maio de 2022, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 44/2022, promovido por D. Manuel Eusebio Sánchez López.

2º.- No suposto de que se interpoña recurso de apelación pola outra parte, comparecer nas actuacións que se sigan diante da Sala Contenciosa-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A tal fin confíreselle a representación municipal á Avogacía Consistorial.

3º.- Darlle traslado da sentenza ao Órgano de Xestión Tributaria, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

12.- Sentenza núm. 287/2022 ditada polo Xulgado do Social núm. 3 de Ourense, nos autos de Impugnación dos Actos da Administración núm. 176/2022, promovido pola Mutua FREMAP





A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

1º.- Coñecer e non recorrer a sentenza núm. 287/2022, de 27 de abril de 2022, ditada polo Xulgado do Social núm. 3 de Ourense, nos autos de Impugnación dos Actos da Administración núm. 176/2022, promovido pola Mutua FREMAP.

2º.- No suposto de que se interpoña recurso de Suplicación pola outra parte, comparecer nas actuacións que se sigan diante da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A tal fin confíreselle a representación municipal á Avogacía Consistorial.

3º.- Darlle traslado da sentenza ao Servizo de Persoal, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

13.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 16/22, interposto por D. Juan Antonio Cid Boo.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 16/22, interposto por D. Juan Antonio Cid Boo contra a desestimación presunta da solicitude reclamando o recoñecemento do dereito á remuneración polos periodos de vacacións, licencias/permisos, baixas por enfermidade común e accidente laboral dos pluses de festividade e nocturnidade, así como a parte proporcional dos devantidos pluses correspondentes a pagas extraordinarias. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fíxose para o día 16/11/2022.

14.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm.19/22, interposto por D. Oscar Mazaira Fernández. Expte. 2022018845

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm.19/22, interposto por D. Oscar Mazaira Fernández contra a desestimación presunta da solicitude reclamando o recoñecemento do dereito á remuneración polos periodos de vacacións, licencias/permisos, baixas por enfermidade común e accidente laboral dos pluses de festividade e nocturnidade, así como a parte proporcional dos devantidos pluses correspondentes a pagas extraordinarias. Acordouse remitir o expediente administrativo



que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 15/11/2022.

15.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 66/22, interposto por D. Rafael Eduardo Castro Real. Expte. 2022018859

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 66/22, interposto por D. Rafael Eduardo Castro Real, contra a resolución desestimatoria de 3/11/2021 denegando a petición de abono de pluses, diferenzas de pagas extras e retribucións complementarias correspondentes ó período de policía local en practicas do Concello de Ourense. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 22/11/2022.

16.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 19/22, interposto por D. Leandro González Viso. Expte. 2022018847

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 19/22, interposto por D. Leandro González Viso contra a desestimación presunta da solicitude reclamando o recoñecemento do dereito á remuneración polos períodos de vacacións, licencias/permisos, baixas por enfermidade común e accidente laboral dos pluses de festividade e nocturnidade, así como a parte proporcional dos devantidos pluses correspondentes a pagas extraordinarias. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 9/11/2022.

17.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 22/22, interposto por D. Amancio Rodríguez Sánchez. Expte. 2022018850

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 22/22, interposto por D. Amancio Rodríguez Sánchez, contra a





desestimación presunta da solicitude reclamando o recoñecemento do dereito á remuneración polos periodos de vacacións, licencias/permisos, baixas por enfermidade común e accidente laboral dos pluses de festividade e nocturnidade, así como á parte proporcional dos devantidos pluses correspondentes á pagas extraordinarias. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 15/11/2022.

18.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 22/22, interposto por D. Ramiro Casimiro Quintas Rodríguez. Expte. 2022018852

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 22/22, interposto por D. Ramiro Casimiro Quintas Rodríguez contra a desestimación presunta da solicitude reclamando o recoñecemento do dereito á remuneración polos periodos de vacacións, licencias/permisos, baixas por enfermidade común e accidente laboral dos pluses de festividade e nocturnidade, así como a parte proporcional dos devantidos pluses correspondentes a pagas extraordinarias. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 16/11/2022.

19.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 65/22, interposto por D. Isidro Domínguez Ortega. Expte. 2022018857

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 65/22, interposto por D. Isidro Domínguez Ortega, contra a resolución desestimatoria de 3/11/2021, denegando a petición de abono de pluses, diferenzas de pagas extras e retribucións complementarias correspondentes ó período de policía local en practicas do Concello de Ourense. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 22/11/2022.



20.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 52/22, interposto por D^a M^a Belén Rodríguez Touron. Expte. 2022018854

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 52/22, interposto por D^a M^a Belén Rodríguez Touron contra o silencio desestimatorio presunto do recurso de reposición interposto fronte ó Decreto da Concellería de Recursos Humanos de 27/08/2021, denegando a solicitude de axuda social de oftlamoloxía do exercicio 2020, contra o silencio desestimatorio presunto do recurso de reposición interposto fronte á resolución de Alcaldía de 18/10/2021, denegando a solicitude de axuda social de matrícula e librería do exercicio 2020 e contra os Decretos de Alcaldía de 19/01/2021 e de 21/01/2021, denegando as axudas sociais de gastos de librería dos seus fillos, do exercicio 2020. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 15/11/2022.

21.- Providencia do Tribunal Supremo ditada no recurso de casación núm. 2278/2022, promovido por D^a Manuela Guzmán Álvarez contra a sentenza de 21 de decembro de 2021, ditada no recurso de apelación nº 4164/2021. Expte. 2022019695

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta e, advirtindo e engadindo ó final do punto 2º) do acordo o seguinte: "... e ó Servizo de Medio Ambiente ..."; por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

1º.- Coñecer a Providencia ditada polo Tribunal Supremo, no recurso de casación núm. 2278/2022, promovido por D^a Manuela Guzmán Álvarez contra a sentenza de 21 de decembro de 2021, ditada no recurso de apelación nº 4164/2021.

2º.- Darlle traslado da Providencia ao Servizo de Urbanismo (Planeamento e Xestión) e ó Servizo de Medio Ambiente, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

22.- Sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no Recurso de Apelación núm. 4281/2021, promovido por SOFALCO S.L. contra a sentenza de 14 de xuño de 2021, ditada no P.O. 254/2019 polo Xulgado Contencioso-Administrativo número 2 de Ourense. Expte. 2022019711

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

1º.- Coñecer e non recorrer, por ser favorable ós intereses municipais, a sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no Recurso de Apelación núm. 4281/2021, promovido por SOFALCO S.L. contra a sentenza de 14 de xuño de 2021, ditada no P.O. 254/2019 polo Xulgado Contencioso-Administrativo número 2 de Ourense.

2º.- No suposto de que se interpoña recurso de Casación pola outra parte, comparecer nas actuacións. A tal fin confíreselle a representación municipal á Avogacía Consistorial.

3º.- Darlle traslado do Auto ao Servizo de Urbanismo (Disciplina Urbanística) para o seu coñecemento e efectos oportunos.



SERVIZO DE LICENZAS URBANÍSTICAS, DE ACTIVIDADE, APERTURA E DISCIPLINA

LICENZAS

23.- Gómez P, S.L., proxecto básico de reforma de tres locais en planta baixa para vivendas no edificio sito na rúa Diego sarmiento Acuña 8E. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2016029935.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

1.- Autorizar o troco de uso da planta baixa do edificio número 8E da rúa Diego Sarmiento Acuña a uso residencial.

2.- Conceder á sociedade "GOMEZ P, S.L.", representada por don Juan Carlos Ferro González, licenza urbanística de obra para proxecto básico de reforma de tres locais en planta baixa para vivendas no edificio número 8E da rúa Diego Sarmiento Acuña, en solo urban, consonte proxecto básico redactado polo arquitecto don Nicanor Cid Lama quen asume a dirección das obras, e cun orzamento de execución material de 125.800 Euros.

As obras de construción non poderán iniciarse sen que sexa aprobado por este Concello o preceptivo proxecto de execución, estudo de seguridade e saúde, redactados de conformidade coa normativa vixente de aplicación, así como nomeada a totalidade da dirección técnica, nos formatos oficiais dos colexios profesionais que procedan.

O presente acordo tómase en base ós informes do Arquitecto Municipal de data 18 de decembro de 2020 e ó informe xurídico de data 3 de maio do 2022, que trasladarase ós interesados ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente

Condicións xerais:

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).



Así mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituíndo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere axeitado co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

En especial cúmprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

24.- Don JUAN JOSÉ LEGASPI DIAZ e dona ELOINA VILLARINO ALONSO, representados por don David Domínguez Pérez.- Licenza urbanística de proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar na rúa Rabaza de Abaixo, 149 e 156.- Expte. Sección de Licenzas Urbanísticas 2020025354



A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

Único.- Conceder a don Juan José Legaspi Díaz e dona Eloina Villarino Alonso, representados por don David Domínguez Pérez, licenza urbanística de obra para proxecto básico de construción de vivenda unifamiliar sita na Rabaza de Abaixo números 149 e 156, en solo solo urbano dentro dun núcleo urbano existente (NUE), segundo proxecto redactado polo arquitecto don David Domínguez Pérez, quen asume a dirección facultativa das obras, e cun orzamento de execución material de 174.858,48 €.

As obras de construción da vivenda non poderán iniciarse sen que sexa aprobado por este Concello o preceptivo proxecto de execución, estudio de seguridade e saúde, redactados de conformidade coa normativa vixente de aplicación, así como nomeada a totalidade da dirección técnica, nos formatos oficiais dos colexios profesionais que procedan.

A licenza de edificación outorgada non autoriza a construción do peche da parcela. No caso de que o interesado pretendara realizar tal peche haberá de obter a correspondente licenza urbanística, solicitando a correspondente liña e rasantes así como as autorizacións que, no seu caso, procedan.

O presente acordo tómase en base ós informes da Arquitecta Municipal de data 19 de xaneiro do 2022; do informe da Enxeñeira Municipal do Servizo de Infraestruturas de data 22 de xullo do 2021 e ó informe xurídico de data 6 de maio do 2022, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse ós interesados ós efectos de motivación.

